



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. 225/1102

RESOLUCIÓN

I.-Antecedentes

O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade, materias estas que son obxecto de reforzo tras da aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e, tal e como se pode comprobar, cos excelentes resultados obtidos nas sucesivas avaliacións efectuadas por *Transparencia Internacional España*, no *Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA)*.

Na execución das ditas políticas públicas, o Concello de Vigo dá un paso máis coa súa integración como Socio Titular, mediante acordo plenario de data 30.03.2015, na *“Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana”* da *Federación Española de Municipios y Provincias*, de acordo co disposto no artigo 8 das Normas de Funcionamento e Organización da mesma e cumprir os seus fins estatutarios e co acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2015:

“Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ao Código de Bo Goberno Local da FEMP, asumindo os compromisos e estándares de conduta establecidos neste instrumento no marco da estratexia de transparencia definida ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Segundo.- Asignar, de conformidade coas previsións do CBGL, as responsabilidades políticas no seguimento do cumprimento dos obxectivos fixados ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, e as responsabilidades administrativas á Secretaria do Goberno Local, D^a M^a Concepción Campos Acuña.

Terceiro.- Dar publicidade ao acordo de adhesión mediante a súa inserción na páxina web municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, incluíndo así mesmo o texto íntegro do Código de Bo Goberno, para o seu xeral coñecemento pola cidadanía.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á FEMP, á Rede de Entidades Locais pola Transparencia e a Participación Cidadada.

Quinto.- Dar publicidade interna ao presente acordo mediante a inserción na intranet municipal do mesmo así como do texto íntegro do Código de Bo Goberno, para o seu coñecemento polo conxunto dos empregados públicos.”

No marco do desenvolvemento dos estándares de conduta e de mellora continua, foron poñéndose en práctica distintas iniciativas para acadar una maior transparencia na xestión, establecendo unha intensidade superior en relación cos indicadores legalmente establecidos. Nesa liña e considerando que unha das áreas máis sensibles da integridade na xestión pública é a contratación, tal e como se desprende do libro da OCDE *“La integridad en la contratación pública. Buenas prácticas de la A a la Z”*, púxose en práctica unha metodoloxía co obxecto de publicar os contratos menores de xeito actualizado e automatizado.

II.- Proposta técnico-xurídica

Sen prexuízo da utilización do perfil do contratante como ferramenta de publicidade en materia de contratación, tal e como recolle a normativa básica en materia de contratación do

sector público, que se xestiona dun modo aliñado coas políticas públicas en materia de transparencia desenvolvidas polo Concello e atendendo á satisfacción de maiores demandas de publicidade no Portal de Transparencia, implantouse a posibilidade de xerar informes automáticos sobre os contratos administrativos que permiten a súa actualización diaria, mediante a plataforma VCI+ (Vigo Cidade Intelixente).

Para alcanzar o dito obxectivo, o proxecto e os traballos desenvolvidos polo Servizo de Administración Electrónica, sincronizaron a citada plataforma coas aplicacións de tramitación de facturas, contabilidade e xestión de expedientes, polo que a iniciación da orde de pagamento dunha factura supón a inmediata agregación dos datos ao informe. É dicir, non existe trámite de publicación, nin tampouco incoación algunha, polo que o proceso é totalmente autónomo e está excluída a posibilidade de interferir nel, sendo imposible a agregación ou eliminación manual dos datos, prescindíndose totalmente da intervención humana, seguindo os estándares internacionais en materia de integridade na contratación pública.

En canto á articulación e visualización da información a publicar, no caso dos contratos menores, emítense un único documento que recopila todos os contratos desta natureza para cada ano, incluído o que está en vigor. Para facilitar a súa consulta pola cidadanía, a información aparece segregada por servizo, expresando para cada contrato a súa data, o adxudicatario e o importe. A actualización lévase a cabo cunha periodicidade mínima diaria, achegándose a hora e data de emisión no corpo do texto, é dicir, en condicións moito máis transparentes que as esixidas polo ordenamento xurídico.

Neste contexto, o Concello de Vigo conta, na actualidade, cun mecanismo de xestión electrónica para garantir a publicación automatizada e actualizada diariamente dos contratos menores subscritos por todas as áreas e servizos, establecendo unha periodicidade moi superior ás esixencias de publicidade activa do artigo 8 da Lei de Transparencia; unha publicación activa, actual e autónoma, que se leva a cabo mediante os recursos e aplicacións desenvolvidos polo Servizo de Administración Electrónica, seguindo as instrucións desta Concellería en execución das políticas municipais en materia de transparencia e bo goberno.

Considerando a experiencia acreditada na utilización desta ferramenta, cómpre establecer formalmente o dito procedemento, integrado na xestión municipal dun xeito transversal por afectar a todos os Servizos e Áreas Municipais, e polo tanto a todos os ámbitos nos que se desenvolve a acción de goberno, polo que por Resolución desta Concellería de data 26.10.2017 acordouse incoar expediente administrativo para a publicación automatizada e actualizada dos contratos menores, e a súa aprobación como boa práctica municipal nomeando instrutora do mesmo á Secretaria de Goberno Local, en canto responsable administrativa do CGBL.

Así mesmo, procede a súa incorporación como boas prácticas en materia de transparencia na liña recollida no Código de Bo Goberno Local subscrito polo Concello de Vigo, mediante acordo plenario de data 30.11.2015, e a remisión á *Red de Entidades Locales por la Transparencia y la Participación Ciudadana* de la FEMP, da que forma parte este Concello.

Polo exposto, considerando a novidade desta fórmula de carácter transversal e o interese que no desenvolvemento das políticas públicas en materia de transparencia ten como elemento de reforzo do Código de Bo Goberno Local subscrito polo Concello de Vigo, formúlase ao concelleiro-delegado de Xestión Municipal, no exercicio das competencias



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. 225/1102

delegadas pola Alcaldía mediante Resolución de data 19.06.2015 e posteriores modificacións, a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Establecer como boa práctica municipal de transparencia e bo goberno, a publicación automatizada e actualizada dos contratos menores do Concello de Vigo, no Portal de Transparencia (<https://transparencia.vigo.org/?lang=es>), superando amplamente as esixencias legais de publicidade activa.

Segundo.- Aprobar a remisión á *Red de Entidades Locales por la Transparencia y la Participación Ciudadana* da FEMP, da iniciativa no marco das políticas públicas de transparencia e integridade na xestión municipal, para a súa incorporación ao Banco de Boas prácticas.

Terceiro.- Dar traslado da presente ao xefe do Servizo de Administración Electrónica e á Secretaría do Goberno Local. Ordenar a súa publicación no Portal de Transparencia.

CCA/rs

Data de sinatura dixital.

A secretaria do Goberno Local, M.^a Concepción Campos Acuña.

O xefe do Servizo de Administración Electrónica, Antonio Villanueva Guimeráns.

Vista a precedente proposta do xefe do Servizo de Administración Electrónica e a secretaria do Goberno Local

RESOLVO:

Prestar conformidade coa mesma, e ordenar a execución nos seus termos.

Data e sinatura dixital.

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, Francisco Javier Pardo Espiñeira.

A secretaria do Goberno Local, M.^a Concepción Campos Acuña.